



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

DECRETO DO ALCALDE: REVOGACIÓN DO DECRETO NÚM. 127/2017, DO 7 DE FEBREIRO DO 2017, E CONVOCATORIA DUNHA NOVA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO PLENO DA CORPORACIÓN PARA O DÍA 9 DE FEBREIRO DE 2017.

Antecedentes administrativos.

Primeiro. Por Decreto deste Alcalde número 127/2017, do 7 de febreiro, convocouse para o día 9 de febreiro do 2017 ás 10:15 horas unha sesión extraordinaria e urxente do Pleno da Corporación na que se inclueu un único punto na orde do día (ademais da ratificación da urxencia).

Segundo. Asinado e notificado o decreto de convocatoria obsérvase que se cometeu un erro na orde do día da sesión dado que tamén se debeu incluír o outro punto tratado na sesión da Comisión Informativa C) realizada o 7 de febreiro do 2017 relativo ás novas taxas pola prestación de servizos nas instalacións das piscinas municipais do Campo do Souto e da Escravitude.

Fundamentos de dereito.

Primeiro. Considerando que o artigo 109.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC), prevé que "as administracións públicas poderán revogar, mentres non transcorrese o prazo de prescrición, os seus actos de gravame ou desfavorables, sempre que tal revogación non constitúa dispensa ou exención non permitida polas leis, nin sexa contraria oa principio de igualdade, ao interese público ou a o ordenamento xurídico".

Segundo. Considerando que é necesario recoñecer as obrigas de gastos que non corresponden á presente anualidade para non incrementar así o período medio de pago a provedores e seguidamente poder determinar aquelas facturas que necesariamente deben ser incluídas no POS+ 2017 no concepto “pago a provedores”, e tendo en conta que o prazo máximo solicitar este plan provincial remata o 24 de febreiro de 2017 ás 14:00 horas.

Terceiro. Considerando que é preciso aprobar canto antes as novas tarifas aplicables ás piscinas municipais do Campo do Souto e da Escravitude para que a correspondente ordenanza fiscal poida entrar en vigor antes do 1 de abril.

Cuarto. Considerando o previsto no artigo 46.2.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL) e no artigo 79 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF),

RESOLVO:

Primeiro. Revogar e deixar sen efecto o Decreto do Alcalde número 127/2017, do 7 de febreiro, por terse omitido na orde de día da convocatoria da sesión plenaria un punto que, pola súa urxencia, debeuse incluír.

Segundo. Convocar sesión extraordinaria e urxente do **PLENO da Corporación** que terá lugar no Salón de Sesións da Casa do Concello o vindeiro día **9 de febreiro de 2017 (xoves) ás 10:15** horas coa seguinte orde do día:

1.- Ratificación da urxencia da convocatoria da sesión extraordinaria do Pleno para o día 9 de febreiro do 2017, ás 10:15 horas.

2.- Aprobación do recoñecemento extraxudicial de créditos número 1/2017.

3.- Aprobación dunhas novas taxas pola prestación de servizos nas instalacións das piscinas municipais do Campo do Souto e da Escravitude e aprobación da Ordenanza fiscal número 29 reguladora da mesma.

Terceiro. Facer público o presente acordo mediante a inserción do mesmo no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e na páxina web do Concello e dar conta da presente resolución ao Pleno da Corporación Municipal na primeira sesión ordinaria que se convoque.

Cuarto. Notificar a presente resolución a todas as persoas interesadas, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer:

- Potestativamente o recurso de reposición, no prazo máximo dun mes desde o día de recepción da notificación da presente resolución, ante o mesmo órgano que dictou o acto impugnado.
- Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou ben directamente, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses desde o día de recepción da notificación da presente resolución.
- O recurso extraordinario de revisión, segundo o previsto no artigo 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.

(Documento asinado dixitalmente)